

REUNIÓN DA COMISIÓN 8.^a, PESCA E MARISQUEO

Día: 15.09.2017 Hora: 10:30

A Comisión 8.^a, Pesca e Marisqueo, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 15 de setembro de 2017, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :


Punto único: Propositions non de lei en comisión

- 1.1 6832 (10/PNC-000693)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
López Crespo, Carlos Enrique e 6 máis
Sobre a colaboración do Goberno galego co Goberno central para promover a simplificación normativa no eido marítimo-pesqueiro e crear os instrumentos axeitados que permitan a consulta sinxela e por temas específicos de toda a normativa europea, estatal e autonómica en materia pesqueira nun espazo virtual no que permanezan constantemente actualizadas
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 92, do 29.03.2017
- 1.2 9006 (10/PNC-000945)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Toja Suárez, María Dolores e Torrado Quintela, Julio
Sobre a realización de xestións polo Goberno galego co Goberno central para a execución, entre outras medidas, da sinalización de bateas e outros elementos flotantes que impliquen risco de accidente por impacto para a navegación
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 117, do 24.05.2017
- 1.3 9608 (10/PNC-001007)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
López Crespo, Carlos Enrique e 6 máis
Sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia destinadas a apoiar a expansión dos produtos pesqueiros galegos nos mercados exteriores, así como ao mantemento e fortalecemento de medidas de estruturación e competitividade do sector transformador de produtos do mar
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 124, do 07.06.2017
- 1.4 10882 (10/PNC-001138)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e 5 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para acadar a

plena autosuficiencia de Galicia en materia de produción e subministración de semente de moluscos bivalvos

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 136, do 28.06.2017

- 1.5 11081 (10/PNC-001154)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio e Toja Suárez, María Dolores
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa presentación de Galicia como candidatura formal de España para o acollemento do Laboratorio Comunitario de Control Bacteriolóxico de Bivalvos, tras a saída de Gran Bretaña da Unión Europea
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 140, do 05.07.2017
- 1.6 11797 (10/PNC-001185)
Grupo Parlamentario de En Marea
Santos Queiruga, Carmen e Merlo Lorenzo, Juan José
Sobre a realización polo Goberno galego de todas as actuacións precisas para a ampliación da lonxa do Grove segundo as demandas formuladas pola Confraría de Pescadores ao respecto
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 144, do 12.07.2017
- 1.7 14716 (10/PNC-001312)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e 5 máis
Sobre a demanda que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central así como a actuación que debe levar a cabo en relación coa inclusión das persoas percebeiras, mariscadoras, redeiras e outras que non realicen a súa actividade a bordo de embarcacións na lexislación estatal que regula a concesión de prestacións asistenciais para traballadores do mar
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 170, do 06.09.2017
- 1.8 14783 (10/PNC-001314)
Grupo Parlamentario de En Marea
Santos Queiruga, Carmen e Merlo Lorenzo, Juan José
Sobre a demanda que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coas negociacións para a renovación do actual acordo pesqueiro entre a Unión Europea e Guinea Bissau
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 170, do 06.09.2017



Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, o abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 11 de setembro de 2017

Marta Rodríguez Arias
Presidenta da Comisión

Asinado dixitalmente por:

Marta Rodriguez Arias na data 11/09/2017 12:59:34

RELACIÓN DE MEMBROS DE **COMISIÓN 8.ª, PESCA E MARISQUEO**

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidenta

Marta Rodríguez Arias

P

Vicepresidente

José Alberto Pazos Couñago

P

Secretario

Juan José Merlo Lorenzo

EM

Vogais

Teresa Egerique Mosquera

P

María Ángeles García Míguez

P

Carlos Enrique López Crespo

P

María Montserrat Prado Cores

BNG

María Soraya Salorio Porral

P

Carmen Santos Queiruga

EM

María Dolores Toja Suárez

S

Julio Torrado Quintela

S

Daniel Vega Pérez

P

Reunión da Comisión 8.ª, Pesca e Marisqueo

Día: 15.09.2017

Hora: 10:30

Orde do día

1. Proposicións non de lei en comisión

Reunión da Comisión 8.ª, Pesca e Marisqueo

Día: 15.09.2017

Hora: 10:30

Orde do día

1.1 6832(10/PNC-000693)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

López Crespo, Carlos Enrique e 6 máis

Sobre a colaboración do Goberno galego co Goberno central para promover a simplificación normativa no eido marítimo-pesqueiro e crear os instrumentos axeitados que permitan a consulta sinxela e por temas específicos de toda a normativa europea, estatal e autonómica en materia pesqueira nun espazo virtual no que permanezan constantemente actualizadas

Publicación da iniciativa, 92, 29.03.2017



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/03/2017 17:55
Nº Rexistro: 6832
Data envío: 20/03/2017 17:55:59.716

A Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu **Portavoz**, e por iniciativa dos deputados e deputadas, **Carlos E. López Crespo, Teresa Egerique Mosquera, Marián García Míguez, Aurelio Núñez Centeno, Alberto Pazos Couñago, Marta Rodríguez Arias e Daniel Vega Pérez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Comisión**.

Exposición de motivos:

Un común denominador que inflúe na actividade marítimo-pesqueira, especialmente na flota pesqueira, é a necesidade de minorar e adecuar a carga administrativa que existe en todos os niveis da administración pesqueira.

O Partido Popular encamiñará boa parte dos seus esforzos a dispoñer normas que non distorsionen a actividade dos mariñeiros, mariscadores e acuicultores.

A este respecto, a amplitude normativa pesqueira, a diversidade de taxas e obrigas fiscais e a inadecuación de obrigas de seguridade fan que a xestión diaria da nosa flota se burocratice e ralentice de forma innecesaria.

A tal fin, cómpre seguir traballando co Goberno central para facilitar o cumprimento destas obrigas, de forma que se consiga unha maior axilidade na relación administración-sector.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a colaborar co Goberno de España para promover a simplificación normativa no eido marítimo-pesqueiro e para crear os instrumentos axeitados que permitan a consulta sinxela e por temas específicos de toda a normativa europea, estatal e autonómica en materia pesqueira nun único espazo virtual no que estes textos permanezan constantemente actualizados”.

Santiago de Compostela, 20 de marzo de 2.017

Asinado dixitalmente por:

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdeg Galicia.com



**GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/03/2017 17:55
Nº Rexistro: 6832
Data envío: 20/03/2017 17:55:59.716

Pedro Puy Fraga na data 20/03/2017 17:49:51

Teresa Egerique Mosquera na data 20/03/2017 17:50:05

María Ángeles García Míguez na data 20/03/2017 17:50:20

Alberto Pazos Couñago na data 20/03/2017 17:50:30

Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 20/03/2017 17:52:21

Marta Rodríguez Arias na data 20/03/2017 17:52:43

Daniel Vega Pérez na data 20/03/2017 17:53:01

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Reunión da Comisión 8.ª, Pesca e Marisqueo

Día: 15.09.2017

Hora: 10:30

Orde do día

1.2 9006(10/PNC-000945)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Toja Suárez, María Dolores e Torrado Quintela, Julio

Sobre a realización de xestións polo Goberno galego co
Goberno central para a execución, entre outras medidas, da
sinalización de bateas e outros elementos flotantes que
impliquen risco de accidente por impacto para a navegación

Publicación da iniciativa, 117, 24.05.2017



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/05/2017 09:30
Nº Rexistro: 9006
Data envío: 11/05/2017 20:17:49.146



 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada e do seu deputado, María Dolores Toja Suárez e Julio Torrado Quintela, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 8ª.

Os accidentes de embarcacións por impactos contra bateas non é que sexa moi común afortunadamente, pero abre o debate sobre a adecuada sinalización das bateas e outros elementos flotantes que permanecen invisibles durante a noite e constitúen un perigo potencial para as embarcacións de pesca de baixura, problema este que é preciso resolver.

Existe unha necesidade pois de realizar investimentos en prevención de accidentes e seguridade marítima. A sinalización luminosa sería unha medida básica, aínda que non a única, para previr certos riscos que poden implicar as bateas, ao igual que se fai con outros artefactos flotantes, dado que as embarcacións de baixura son tecnoloxicamente moi básicas, e a observación visual, a intuición e a experiencia son, na maioría dos casos, os únicos elementos de detección de obstáculos.

Portos de Galicia anunciou a finais de 2015 que reforzaría a seguridade marítima no ano 2016 coa colocación de balizas, a cargo da Consellería do Mar e en atención á Lei de portos do Estado e da Mariña Mercante. Un plan que implicaría mellorar a sinalización luminosa dos accesos aos portos galegos. Este plan executaríase nas dúas anualidades seguintes pero, a día de hoxe, aínda non é unha realidade.

Por todo isto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a:



Grupo Parlamentario

Realizar, á maior brevidade, as xestións necesarias co Goberno do Estado para poder acometer, entre outras medidas, a sinalización de bateas e outros artefactos flotantes que impliquen risco para a navegación, coa finalidade de previr accidentes por causa de impacto contra elementos flotantes.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Pazo do Parlamento, 10 de maio de 2017

Asinado dixitalmente por:

María Dolores Toja Suárez na data 11/05/2017 20:12:12

Julio Torrado Quintela na data 11/05/2017 20:12:28

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 11/05/2017 20:12:38

Reunión da Comisión 8.ª, Pesca e Marisqueo

Día: 15.09.2017

Hora: 10:30

Orde do día

1.3 9608(10/PNC-001007)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

López Crespo, Carlos Enrique e 6 máis

Sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia destinadas a apoiar a expansión dos produtos pesqueiros galegos nos mercados exteriores, así como ao mantemento e fortalecemento de medidas de estruturación e competitividade do sector transformador de produtos do mar

Publicación da iniciativa, 124, 07.06.2017



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/05/2017 11:01
Nº Rexistro: 9608
Data envío: 30/05/2017 11:01:58.512

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, e por iniciativa deputados e deputadas, Carlos López Crespo, M^a Ángeles García Míguez, Teresa Egerique Mosquera, Soraya Salorio Porral, Alberto Pazo Couñago, Marta Rodríguez Arias e Daniel Vega Pérez, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **Proposición non de Lei en Comisión 8ª Pesca e Marisqueo**.

Exposición de motivos:

A industria de elaborados de produtos do mar constitúe un dos piares do comercio exterior para Galicia, logo de que as exportacións dos produtos pesqueiros galegos crecesen sete veces máis que o PIB.

Hai que sinalar que case 300 empresas da cadea mar- industria foron quen de exportar o seus produtos pesqueiros a 83 países distintos, sendo o mercado comunitario o principal destinatario. O principal mercado segue a ser o italiano, seguido de Portugal, Francia, Reino Unido e Grecia.

Este sector ten acadado os 131,79 millóns de euros de valor comercial por produtos exportados no pasado mes de xaneiro, o que lle outorga un peso do 8,5 % do volume total de Galicia, incrementándose en 7 décimas máis con respecto ao mesmo mes de 2016.

Ademais, en comparación coas vendas experimentadas neste período, ten medrado nun 23% interanual, practicamente sete veces por encima do alza da economía galega (nun 3,4 %) o ano pasado.

Segundo fontes do sector, isto puido ser debido ao incremento da demanda de países tradicionalmente consumidores xunto coa entrada en novos mercados clave para que esta industria aspire neste ano a superar a barreira dos 2.000 millóns de euros de valor comercial dos produtos exportados, tendo en conta que no ano 2016 este valor foi de preto de 1.870 M€.

Por todo o anteriormente exposto, o grupo parlamentario Popular presenta a seguinte **Proposición para o seu debate en Comisión :**

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdeg Galicia.com



**GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/05/2017 11:01
Nº Rexistro: 9608
Data envío: 30/05/2017 11:01:58.512

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a que continúe na liña de apoio a expansión dos produtos pesqueiros galegos nos mercados exteriores, e que se manteñan e fortalezan as medidas de estruturación e competitividade do sector transformador de produtos do mar”.

Santiago Compostela, 30 de maio de 2.017

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 30/05/2017 10:58:14

Carlos Enrique López Crespo na data 30/05/2017 10:58:29

María Ángeles García Míguez na data 30/05/2017 10:59:31

Teresa Egerique Mosquera na data 30/05/2017 10:59:41

María Soraya Salorio Porral na data 30/05/2017 11:00:04

Alberto Pazos Couñago na data 30/05/2017 11:00:16

Marta Rodríguez Arias na data 30/05/2017 11:00:27

Daniel Vega Pérez na data 30/05/2017 11:00:41

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Reunión da Comisión 8.ª, Pesca e Marisqueo

Día: 15.09.2017

Hora: 10:30

Orde do día

1.4 10882(10/PNC-001138)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para acadar a plena autosuficiencia de Galicia en materia de produción e subministración de semente de moluscos bivalvos

Publicación da iniciativa, 136, 28.06.2017



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/06/2017 17:58
Nº Rexistro: 10882
Data envío: 22/06/2017 17:58:58.550

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Montserrat Prado Cores, Noa Presas Bergantiños, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz e Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 8ª**, relativa á adopción de medidas para acadar a autosuficiencia de Galiza en materia de produción e subministro de semente de moluscos bivalvos para o impulso de actividade marisqueira.

Galiza é unha potencia na produción de marisco, atendendo ao volume de capturas, a súa extraordinaria calidade e, fundamentalmente á importancia económica, social e de emprego que eta actividade representa na nosa nación. Precisamente por estas razóns resulta difícil entender a absurda situación de dependencia do subministro de semente de moluscos bivalvos en grande parte dos bancos marisqueiros galegos.

O BNG considera prioritario rematar coa dependencia que mantén Galiza a respecto da semente producida fora que, á marxe das distorsións do mercado ou do problema que representa a introdución de especies alóctonas, certifica a existencia dun outro problema, neste caso estrutural, que impide o desenvolvemento pleno do sector marisqueiro galego.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/06/2017 17:58
Nº Rexistro: 10882
Data envío: 22/06/2017 17:58:58.550

A recuperación do noso marisco, como inequivocamente galego, recoñecendo e garantindo a súa orixe, a marca de calidade e prestixio que a procedencia galega outorga, debe ser obxectivo da Consellaría do Mar.

Por estas razóns, o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 8ª:

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a adoptar todas as medidas precisas para que Galiza acade plena autosuficiencia en materia de produción e subministro de semente de moluscos bivalvos, executando as seguintes accións:

1. Elaboración dun mapa onde se contemplen as necesidades actuais e futuras para a instalación de minicriadeiros de semente de marisco no litoral galego.
2. Creación dunha empresa ou sociedade pública, dependente da Xunta, con funcións de instalación de granxas especializadas especialmente na produción de semente de ameixa fina e babosa, para satisfacer as necesidades produtivas da nosa nación e mesmo para a exportación, garantindo a xenética galega da semente producida coa súa vinculación a institucións científicas mariñas de titularidade pública galega.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALIGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/06/2017 17:58
Nº Rexistro: 10882
Data envío: 22/06/2017 17:58:58.550

3. Control e vixilancia para impedir a introdución en Galiza de especies mariñas alóctonas.

4. Colaboración técnica e económica, a través dos correspondentes convenios, co mantemento dos microcriadeiros que se transfiran ás entidades marisqueiras.”

Santiago de Compostela, 22 de xuño de 2017

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Belén Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 22/06/2017 17:48:07



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/06/2017 17:58
Nº Rexistro: 10882
Data envío: 22/06/2017 17:58:58.550

Noa Presas Bergantiños na data 22/06/2017 17:48:12

Olalla Rodil Fernández na data 22/06/2017 17:48:15

Xose Luis Rivas Cruz na data 22/06/2017 17:48:18

Xosé Luis Bará Torres na data 22/06/2017 17:48:21

Ana Pontón Mondelo na data 22/06/2017 17:48:24

Reunión da Comisión 8.ª, Pesca e Marisqueo

Día: 15.09.2017

Hora: 10:30

Orde do día

1.5 11081(10/PNC-001154)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Toja Suárez, María Dolores

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa presentación de Galicia como candidatura formal de España para o acollemento do Laboratorio Comunitario de Control Bacteriolóxico de Bivalvos, tras a saída de Gran Bretaña da Unión Europea

Publicación da iniciativa, 140, 05.07.2017



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/06/2017 16:30
Nº Rexistro: 11081
Data envío: 27/06/2017 16:28:47.539



 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado e da súa deputada **Julio Torrado Quintela e María Dolores Toja Suárez**, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 8.ª, Pesca e Marisqueo**.

Exposición de motivos

Galicia é unha potencia marisqueira recoñecida no mundo, tanto por cantidade como por calidade do seu produto. O sector ten unha relevancia fundamental no tecido social e económico e por tanto a administración debe achegarse o máximo posible.

A saída de Gran Bretaña da Unión Europea provoca, ademais de outro tipo de problemas, a necesaria reubicación de organismos de carácter europeo que mantiñan a súa sede en territorio británico, e que agora precisan de ser trasladados a outro lugar. Entre estes organismos se atopa o laboratorio comunitario de control bacteriolóxico dos bivalvos, actualmente en Weymouth, e que ten unha importante función de investigación e coñecemento do medio mariño no referente a moluscos e control.

A presenza en Galicia da Axencia Europea de Pesca, en Vigo, evidencia o peso galego no sector marítimo-pesqueiro en Europa e no mundo, polo que tería sentido que se vira reforzada coa reubicación do laboratorio citado. Existen centros de investigación relevantes xa en Galicia traballando en rede, co peso fundamental da Ría de Arousa polo seu volume produtivo, como son o IGAFa en A Illa ou o CIMA en Vilanova, en torno á referencia mundial do Intecmar situado en Vilaxoán (Vilagarcía) que traballa temas similares ao laboratorio comunitario e contribuiría a reforzar o traballo conxunto e a calidade da produción científica, así como a súa aplicación á produtividade e desenvolvemento do sector.

Dadas as circunstancias cambiantes por mor do Brexit, a transcendencia de Galicia no sector e a presenza de entidades que poderían aumentar exponencialmente a produción científica e aplicada do sector da



 Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

investigación mariña, así como o impacto económico directo da presenza dunha Axencia Europea en Galicia, sería de relevancia facer unha aposta seria pola atracción do ente referido. Existindo xa algúns movementos por parte da Xunta de Galicia, semellan apostas tímidas e supeditadas a decisións maiores que poden impedir unha firme candidatura, á imaxe do que ocorreu coa Axencia Europea do Medicamento na que Galicia foi ninguneada polo Goberno de España sen que existira posición crítica da Xunta de Galicia ao respecto.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego instar a Xunta de Galicia a realizar todas as accións necesarias para constituírse como candidatura formal de España para acoller o laboratorio comunitario de control bacteriolóxico de bivalvos, definir a proposta concreta do concello candidato e constituír un grupo de traballo conxunto de todas as administracións implicadas (Estado, Comunidade Autónoma, Deputación Provincial e Concello) para traballar de maneira colaborativa en conquistar a chegada de dito laboratorio.

Pazo do Parlamento, 23 de xuño de 2017

Asdo.: Julio Torrado Quintela
María Dolores Toja Suárez
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 27/06/2017 16:19:07

María Dolores Toja Suárez na data 27/06/2017 16:19:13



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/06/2017 16:30
Nº Rexistro: 11081
Data envío: 27/06/2017 16:28:47.539



 **Grupo Parlamentario**

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 27/06/2017 16:19:19

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Reunión da Comisión 8.ª, Pesca e Marisqueo

Día: 15.09.2017

Hora: 10:30

Orde do día

1.6 11797(10/PNC-001185)

Grupo Parlamentario de En Marea

Santos Queiruga, Carmen e Merlo Lorenzo, Juan José

Sobre a realización polo Goberno galego de todas as actuacións precisas para a ampliación da lonxa do Grove segundo as demandas formuladas pola Confraría de Pescadores ao respecto

Publicación da iniciativa, 144, 12.07.2017



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/07/2017 16:30
Nº Rexistro: 11797
Data envío: 06/07/2017 16:26:52.091



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de EN MAREA, a iniciativa da súa deputada **Carmen Santos Queiruga e Juan José Merlo Lorenzo**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 8.^a**, relativa á ampliación da lonxa de O Grove.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O sector da pesca e do marisqueo son de vital importancia para unha vila como a de O Grove. Actualmente a Confraría da localidade conta con preto de 550 socios e ten rexistradas máis de 300 embarcacións, das cales practicamente a metade dedícanse á extracción de mexillón. Atopámonos, polo tanto, ante un sector que representa o auténtico motor económico do concello, un sector do que dependen de forma directa e indirecta milleiros de familias.

Desde fai tempo, os membros da Confraría veñen reclamando unha ampliación da lonxa, xa que segundo se recolle a través das súas demandas, a actual infraestrutura quedouse pequena, rexistrándose problemas nas zonas das cámaras e das subhastas. A Lonxa do Grove actualmente ocupa a sexta posición entre as lonxas galegas con máis facturación, xa que no ano 2016 chegou aos 8.878.510€ e unha cantidade de 876.221kg, atopámonos, polo tanto, ante unha infraestrutura que xera un importante volume de negocio, polo que lle corresponde á Xunta de Galicia velar porque esta se atope nas mellores condicións posibles.

Polo exposto, formulamos a seguinte Proposición non de lei para ao seu debate en Comisión:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/07/2017 16:30
Nº Rexistro: 11797
Data envío: 06/07/2017 16:26:52.091



O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a levar a cabo todas accións precisas para ampliar a lonxa de O Grove, de forma que se satisfagan as necesidades mostradas pola Confraría.

Santiago de Compostela, 6 de xullo de 2017.

Asdo.: Carmen Santos Queiruga

Juan José Merlo Lorenzo

Voceira S. e deputado do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Carmen Santos Queiruga na data 06/07/2017 16:17:58

Juan José Merlo Lorenzo na data 06/07/2017 16:18:05

Reunión da Comisión 8.ª, Pesca e Marisqueo

Día: 15.09.2017

Hora: 10:30

Orde do día

1.7 14716(10/PNC-001312)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre a demanda que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central así como a actuación que debe levar a cabo en relación coa inclusión das persoas percebeiras, mariscadoras, redeiras e outras que non realicen a súa actividade a bordo de embarcacións na lexislación estatal que regula a concesión de prestacións asistenciais para traballadores do mar

Publicación da iniciativa, 170, 06.09.2017



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/08/2017 12:21
Nº Rexistro: 14716
Data envío: 29/08/2017 12:21:20.040

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**, relativa as medidas a desenvolver pola Xunta de Galicia para esixir a modificación da actual lexislación que regula a concesión de prestacións asistenciais para traballadores do mar para que inclúan a@s percebeir@s, mariscadoras, redeiras e outros casos de discriminación

O 30 de marzo, ocorría en Malpica un novo desgraciado accidente. Unha onda de mar levaba a un dos seus percebeiros, mentres recollía os prezados cirrípidos na costa de Razo, concello de Carballo e morría afogado. Foi un suceso que conmocionou a toda Comarca, dado que o percebeiro era unha persoa ben coñecida: percebeiro, activista cultural, poeta, etc. Pero tamén a todo o sector do mar dado que este percebeiro caracterizábase por desenvolver unha actividade en defensa e dignificación dos traballadores do mar, apostando por unha actividade regrada, avogando por medidas de control para preservar o recurso e pódolle cara ao furtivismo, inculcando sempre a seguridade contra a improvisación ou valentía. “Os cemiterios están cheos de valentes”, dicía. Apoiando a auto-organización do sector para que fose protagonista da súa explotación, pero tamén con medidas de comercialización para alcanzar mellores prezos ou iniciativas de supervivencia do propio sector: como a defensa do dereito a poder pescar ou de defensa da pesca artesanal en contraposición a pesca industrial.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/08/2017 12:21
Nº Rexistro: 14716
Data envío: 29/08/2017 12:21:20.040

Igualmente poderíamos lembrar o suceso da percebeira de Oia no ano 2014, ou outros similares, que teñen acontecido ao longo do litoral galego nos últimos anos, para exemplificar a traxedia dunha perda humana e desleixo e alonxamento das autoridades, que teñen a responsabilidade de recoñecer as prestacións asistenciais, mais que ignoran a nosa realidade.

No caso que nos ocupa os familiares deste percebeiro, asesorados pola propia confraría, e baixo o apoio moral do ISM da Coruña, teñen presentado solicitude de prestación asistencial por falecemento encontrándose cunha crúa realidade, de que a mesma é denegada. A razón que aducen para esta denegación é que dito falecemento non se ten producido a bordo de embarcación.

Esta negativa evidencia a discriminación e o total desamparo a este colectivo de traballadores/as, adscrit@s ao ISM, que son excluíd@s polo feito de non estar embarcad@s. Pero tamén vemos unha faciana burocrática e totalmente desinteresada pola problemática do sector na falta de acompañamento do Goberno galego na solución desta discriminación, baixo a xustificación de que son competencias de Madrid.

A denegación da solicitude deste dereito fundaméntana no Real Decreto 869/2007 de 2 de xullo (BOE do 14 de xullo) polo que se regula a concesión de prestacións asistenciais derivadas do traballo no mar para traballadoras/es e beneficiarios/as do Réxime Especial da Seguridade Social dos Traballadores do Mar e se establecen determinados servizos @s traballadores/as do mar que non contempla esta situación e que deixa fora de regulación a actividade d@s perceber@s.

O obxectivo deste decreto é regular as prestacións asistenciais en atención a continxencias e situacións especiais do traballo no mar pero que deixa fora este singular colectivo e non ten reparo en ignoralo aducindo criterios burocráticos.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/08/2017 12:21
Nº Rexistro: 14716
Data envío: 29/08/2017 12:21:20.040

A isto súmase a Orden TAS/29/2008 de 15 de xaneiro (BOE de 19 de xaneiro) pola que se desenvolve o Real Decreto 869/2007 de 2 de xullo (BOE de 14 de xullo). Esta establece o tipo de prestacións asistenciais a que teñen dereito @s traballadores/as do mar, os requisitos esixidos, así como a documentación acreditativa para poder ter dereito as contías, mais vinculando a prestación por “falecemento ou desaparición” con que a mesma se realice a bordo da embarcación e a de “traslado do cadáver” a que o traballador/a desenvolvera ou prestara os servizos a bordo de buque estatais ou estranxeiros.

Todas estas cuestións lexislativas ignoran por completo a realidade do desenvolvemento das labores profesionais d@s traballadores do mar en Galicia, neste caso do colectivo de percebeir@s.

En similar situación poderíamos incluír ás mariscadoras a pé ou ás redeiras, que tamén quedan excluídas da actual normativa, que non recolle a estes colectivos, a pesares de que todos están incluídos dentro do réxime Especial da Seguridade Social d@s Traballadores/as do Mar.

Esta problemática foi tratada no último Consello Galego de Pesca, acadándose o compromiso de convocar unha reunión específica da Comisión de Política Social para mediados do mes de setembro, dado que apareceron variados casos, coa intención de recollelos todos e establecer unha estratexia común.

Estas son as razóns que levan ao Grupo Parlamentar do BNG a presentar a seguinte proposición non de lei para o seu tratamento en comisión:

“O Parlamento de Galiza insta ao goberno galego a:



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/08/2017 12:21
Nº Rexistro: 14716
Data envío: 29/08/2017 12:21:20.040

Esixir do Goberno do Estado a modificación da actual lexislación que regula a concesión de prestacións asistenciais para traballadores do mar para que inclúan @s percebeir@s, mariscadoras, redeiras e outros casos que non realicen a súa actividade a bordo de embarcación.

Presentar un recurso contra o ISM para que con carácter retroactivo se lles recoñeza os dereitos aos familiares que sufriron estes tráxicos sucesos.”

Santiago de Compostela, 29 de agosto de 2017

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Belén Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 29/08/2017 12:16:10



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/08/2017 12:21
Nº Rexistro: 14716
Data envío: 29/08/2017 12:21:20.040

Xosé Luis Bará Torres na data 29/08/2017 12:16:15

Xose Luis Rivas Cruz na data 29/08/2017 12:16:19

Olalla Rodil Fernández na data 29/08/2017 12:16:23

Noa Presas Bergantiños na data 29/08/2017 12:16:27

Ana Pontón Mondelo na data 29/08/2017 12:16:31

Reunión da Comisión 8.ª, Pesca e Marisqueo

Día: 15.09.2017

Hora: 10:30

Orde do día

1.8 14783(10/PNC-001314)

Grupo Parlamentario de En Marea

Santos Queiruga, Carmen e Merlo Lorenzo, Juan José

Sobre a demanda que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coas negociacións para a renovación do actual acordo pesqueiro entre a Unión Europea e Guinea Bissau

Publicación da iniciativa, 170, 06.09.2017



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/08/2017 11:12
Nº Rexistro: 14783
Data envío: 30/08/2017 11:12:09.767



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de EN MAREA, a iniciativa da súa deputada **Carmen Santos Queiruga** e do seu deputado **Juan José Merlo Lorenzo**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei, para o seu debate na Comisión 8ª**, sobre a renovación do acordo pesqueiro entre a Unión Europea e Guinea Bissau.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O próximo 23 de novembro expira o acordo bilateral de pesca entre a Unión Europea e Guinea Bissau, algo que xera inquietudanza e preocupación aos máis de 10 cefalópodos galegos que soen faenar na zona. Este alto nivel de incerteza vese reflexado, por exemplo, en que a maioría deles comezaron a abandonar o caladoiro ante as dificultades presentes para renovar o acordo.

En xullo deste ano fracasou unha cuarta rolda de negociacións para intentar chegar a un entendemento. Detrás deste bloqueo para acadar unha solución satisfactoria entre as dúas partes atópanse os intereses de China. O país asiático intenta controlar o caladoiro guineano prometendo fortes inversións no país africano como, por exemplo, 50 millóns de euros nun novo complexo pesqueiro ou 22 millóns de euros para financiar a construción dun novo porto.

A expansión china nos caladoiros internacionais durante os últimos anos aumenta grazas á redución da presenza de embarcacións europeas, o que permite que o país asiático sexa o novo referente mundial na pesca internacional. Zonas onde historicamente faenaban buques da Unión Europea como Angola, Marrocos e Mauritania, perciben cada vez máis a presenza de barcos chinos. A incapacidade mostrada polos dirixentes europeos para manter acordos bilaterais con terceiros



países conleva á cada vez máis importante redución da capacidade pesqueira dos países da Unión.

O fortalecemento das relacións entre a Unión Europea e Guinea Bissau pasa a ser unha premisa básica para manter o acordo fixado que expira o próximo novembro. China segue unha política expansiva internacional moi agresiva, mentres Europa é incapaz de manter os acordos con terceiros países, algo que hipoteca o futuro do sector e de centos de familias galegas.

Polo exposto, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a que se dirixa ao Goberno central para que inste á Unión Europea á apertura dunha nova rolda de negociacións entre a Unión Europea e Guinea-Bissau, co obxectivo da renovación do acordo bilateral de pesca que expira o 23/11/2017.

Santiago de Compostela, 30 de setembro de 2017.

Asdo.: Carmen Santos Queiruga,

Asdo.: Juan José Merlo Lorenzo

Voceira s. do G.P. de En Marea

Deputado do G.P. de En Marea.



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/08/2017 11:12
Nº Rexistro: 14783
Data envío: 30/08/2017 11:12:09.767

Asinado dixitalmente por:

Carmen Santos Queiruga na data 30/08/2017 11:07:00

Juan José Merlo Lorenzo na data 30/08/2017 11:07:07